


BOLETÍN GALEGO DE
LITERATURA



Estudios de Orientación Universitaria
Nº 5 - Maio - 1991

Elizabeth A. Meese, *(Ex) Tensions: re-figuring feminist criticism*, Urbana e Chicago: University of Illinois Press, 1990.

Anteriormente, Elizabeth Meese publicou *Crossing the Double-Croos: The Practice of Feminist Criticism* (University of North Carolina Press, 1986), do que o seu novo libro é, efectivamente unha (ex) tensión. O interese principal desta autora é a estrutura da crítica feminista, os seus propósitos e logros. Tamén ten en conta a identidade individual fronte á colectiva, ou sexa, a persoal vs. a máis directamente institucional e política. Así, presenta o novo grupo de ensaios desde a perspectiva da marxe e da resistencia, na procura dunha crítica que non cale a existencia de obras e autoras “non canónicas”. E así diríxese Meese a Leslie Silko (indíxena norteamericana), autora da novela *Ceremony*, a Marguerite Duras e a novela *O amante*, a Rigoberta Menchú (india quiché entrevistada por unha etnógrafa venezolana), a Sherley Anne Williams (escritora negra norteamericana), e finalmente a Adrienne Rich, coñecida poeta e prosista que hai anos que vén tratando aspectos da escrita lesbiana.

Decididamente, o elenco elixido non é tradicional. Tamén o primeiro capítulo, “(Ex) Tensions: Feminist Criticism and Deconstruction”, é moi informativo, porque diseña con detalle tendencias e actitudes que diferencian as especialistas da(s) crítica(s) feminista(s) de hoxe. E aínda que non as explica de todo, describe as tensións que existen entre algunhas destas autoras e a práctica da deconstrución, que elas consideran masculina e patriarcal.

Os ensaios de *(Ex) Tensions*, entón, son tanto unha pesquisa no interior das autoras coas súas obras e personaxes, coma unha autoanálise, na que Meese quere ver cómo ela, como crítica literaria, se define perante (e con) as outras. Aludindo ás tensións entre as feministas brancas e as negras, por exemplo, que veñen ser tamén os conflitos entre teoría e praxe, tenta rexistrar cómo ela actúa ó ler o que non encaixa no canon. No decurso da análise, non lisca á autocrítica, mais tampouco é capaz de afastarse dun discurso moi elaborado, autoconsciente, seguindo as premisas dunha escrita fluída e feminina, semellante á prescrita por Luce Irigaray e outras. E’ dicir, con frases como “ Rich (re) writes the (un)written (of) tradition and continuity...” e “feminist criticism asks us to say yes to writing the struggles to (trans)form, to (re)write, to escape the (meta)logic...”, sobrancéase o desexo de

empregar unha linguaxe que rompa os moldes lingüísticos tradicionais, que mostre cómo desfacermos e recombinarmos os elementos da fala. O resultado pode non ser perfecto, no sentido de que case chega a a ser outro xogo intelectual, elitista, como os que a mesma Meese non parece admitir. Por outra banda, este discurso de/re-construído serve para subliñar a presenza da linguaxe nas relacións sociais, o seu papel como formante e vehículo das estruturas, a súa capacidade de ser corpus fértil, fonte de pracer e xogo, ondulante e sempre suxeita á renovación.

Son importantes os motivos da escolma e son acertados os comentarios da autora, mais non sempre acadan a profundidade buscada. Ironicamente, isto proba que hai distancia entre a crítica feminista que xorde nas institucións universitarias e as mulleres do terceiro mundo ou de outras posicións marxinais que tamén están a elaborar uns textos de seu. É dicir, a sinceridade do propósito inicial non se ve no resultado das lecturas de obras como a de Rigoberta Menchú: as moitas citas de tódalas autoras analizadas están baixo o dominio do discurso académico en boca de Meese. Non quere dicir isto que Meese fracasara no seu intento de rachar coa práctica etnocéntrica de certos feminismos; defecto, a idea do libro é de suma importancia, e máis dunha observación demostra a capacidade da ensaísta de cruzar fronteiras aínda existentes. Pero se o estudio de Menchú non resulta moito máis satisfactorio ca outros que se fixeron, será porque o texto, o testemuño da guatemalteca, non poden nin poderán por moito tempo, reducirse a un corpus suxeito ó discurso analítico da academia. O testemuño é precisamente iso: unha suxectividade particular, cun público, mercado e contexto moi especiais, que pouco teñen que ver coa "literatura".

Aínda coas limitacións citadas (que ela mesma tenta superar), Meese no seu libro dá un paso ben intencionado e ben preparado cara a unha meirande comprensión doutras autoras, outras feministas, outras experiencias. E se as análises en si non son tan orixinais como era de esperar, na súa totalidade forman unha utilísima lección sobre a crítica feminista tal como existe (e non existe) hoxe en día. O capituliño final, "Ex / Positions", practica o que a autora promociona: que o discurso non sexa un corpus limitado, pechado nas formas de sempre, senón que exerza a capacidade de crear novas relacións, ideas, descubertas.

Kathleen N. March